










Pel de lobo

Xosé Miranda

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *Pel de lobo*
Autor: Xosé Miranda
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 101
ISBN: 84-8302-865-4
PREMIO MERLÍN 2002



O AUTOR



2


XOSÉ MIRANDA naceu en Lugo, en 1955. Profesor de Ciencias no ensino secundario. Poeta e narrador. Publicou no ano 2000 *O coello Federico e os amorodos*, e tamén para lectores e lectoras infantís e xuvenís, *Feitizo* e *Ariadna*.

Participa con Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba no proxecto de recuperación e recreación da tradición oral galega «Cabalo buligán».

Os autores fan un esforzo, neste caso, por catalogar e inventariar unha serie de contos que nos foran transmitidos ó longo do tempo. É tamén coautor do *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), de *Pequena Mitoloxía de Galicia* (2001) e de *Cando os animais falaban* (2002).

Acada os seguintes premios: Premio Xerais de Novela 1998 con *Morning Star*, con *Na terra sombría* gaña o premio de narrativa curta Modesto Figueirido 1988, con *Historia dun paraugas azul* consegue o premio de novela M. García Barros 1990, e o Merlín 2002 coa novela que nos ocupa; tamén o premio Eusebio Lorenzo Baleirón de poesía en 1995 con *Amantes e viaxeiros* e o premio Esquíu en 1996 con *Permiso para o corso*.

Publicou, ademais, as novelas *Vestio* e *A tres bandas* (1995), os libros de relatos *A biblioteca da iguana* (1994) e *O demo á orella* (1996) e os poemarios *Sonetosfera* e *Carozo azul*.



ARGUMENTO

A novela está narrada en primeira persoa por Xosé Nóvoa. Conta o que sucedeu nos tempos en que sendo el un mozote de dezasete anos foi con seu pai ás terras do Incio, a onde foran chamados para acabar cun lobo que estaba causando estragos por aqueles lugares. Fulxencio Nóvoa, o pai, ten fama de moi bo tirador e segundo din non hai lobo que se lle resista. Non é esta a primeira vez que o solicitan para acaban con esas pragas do inverno. Sen embargo, desta acordarase sempre, entre outras cousas porque a partir de aí deixará de cazar e cambiará a súa vida.

Naqueles tempos a noite impoñía o seu dominio, a noite era invencible e, na noite, o lobo era o amo. O gran lobo negro que van buscando parece ter intelixencia, é un lobo da xente; e vai acompañado doutro branco que ten idénticas características.


O autor crea unha atmosfera desacougante nesta novela que transcorre compartindo os medos dun tempo no que o inverno era época de lobos e o misterio envolvía os mitos do lobishome nas aldeas illadas do interior.

Constitúe unha homenaxe á memoria de tódolos habitantes das montañas de Galicia, á súa fala e concepción do mundo; homenaxe tamén ó traballo dos antropólogos e escritores galegos como Laureano Prieto, Vicente Risco, Fiz Vergara Vilariño, Uxío Novoneyra ou Ánxel Fole que teñen a súa pegada nesta obra.

Unha novela engaiolante de aventuras e terror, de misterio e de iniciación da vida adulta; na que non falta tampouco unha interesante historia de amor, o debate sobre as ideoloxías dese momento, o mundo mítico e as crenzas populares do mundo aldeán ou as historias de cazadores.

Escrita nunha prosa de alta calidade, emprega unha lingua popular moi pulida.

3



PERSONAXES

FULXENCIO NÓVOA, máis coñecido como Fulxencio de Casanova aparece como *un caba-leiro de longas pernas e fortes mans; traballa pouco e pasea moito; malvive dalgunhas rendas que vai cobrando, do que caza, dos productos dun foro que aínda percibe (malia que fose parcial do antiforistas e partidario decidido da redención), das poucas terras que lle quedan e de catro mazairas e algunhas vacas, achegadas a uns aforros que trouxera de Brasil... Coñecera a Basilio Álvarez no Seminario Conciliar de San Fernando en Ourense, deixara a sotana un ano antes de ordenarse e marchara a América. Conservaba deses tempos non só as ideas (que el chamaba liberais e que ían dende o desprezo do clericalismo ata o rexeitamento dos foros; era o correspondente dos agraristas na localidade e o secretario de Liga Agraria), a amizade co cura Basilio, algúns libros que repasaba de cando en vez e un par de boas escopetas que lle permitían gañar a vida pois ademais da caza solicitábano cada pouco para ir matar lobos.*

ORESTE MOR. *Home alto, varudo, grosso, cun rostro que parece esculpido en pedra polo adusto, cun grosísimo pescozo que facía parecer pequena a cabeza. Foi o encargado de ir buscar a Fulxencio e Xosé para acabar cos lobos.*

ROSA DOS CHANTOS. *Un anano barbudo, de ollos saltóns e grandes napias, cunha touca feminina cubrindo os cabelos, vestindo saia e cinguidoiro. Nome de muller e voz de home. Esa é a primeira impresión que percibe Xosé. Logo irá sabendo que ora di que é muller, ora que é home, vai e vén coa lúá; cando é home chámase Roso, é moi arroutado e violento, vaga pola serra, alporízase e ten un carácter insoportable; cando é muller é máis amable, vive na casa e ata é medosa. Un manflorito, tal e como se di no relato.*

O FIDALGO DON EDUARDO VÁZQUEZ-QUEIPO E LENCE. *O dono da casa grande que os manda chamar. Pai de dúas mozas (Ana, Aurora) e dun rapaz (Francisco). O rostro do fidalgo é circunspecto, meixelas flácidas e come con desgana. Ó patrón non lle gusta que o cuestionen ante estraños; nin que unha muller fale tanto, e con tanta liberdade, aínda que sexa a súa filla.*

ANA, a filla maior. *Morena, alta, ollos negros, cabelo cumprido e liso, dentes brancos e ben colocados, mans lixeiras; boca pequena de labios finos; nariz delgado de cabaleta firme e recto como dun rostro grego. Delgada e longa, pálida, delicada e ó tempo rexa, contundente nas opinións, arroutada e valente. Nos ollos brillan as muxicas da rebeldía, do inconformismo. Partidaria do voto feminino e da igualdade total dos homes e mulleres, mesmo nos deportes e nas actividades físicas. Muller independente e de ideas avanzadas que se enfronta directamente a seu pai.*

AURORA, a menor. *Loura, máis ben pequena; longos cabelos rizados; sorri e timidamente subliña as frases de súa irmá, só para intermediar entre o pai e ela. Mans gordechás, pel branca pero está máis morena cá súa irmá. Come con xestos requintados, labios grosos, boquiña pequena, dentes pequenos e brancos. Rapaza fina, elegante, de educación exquisita, só fala se se lle pide ou a situación o require con urxencia. Regordechiña, linda, cos ollos azuis e con pencas. Ollos distímiles, que lle dan un aire misterioso e apaixonado.*

FRANCISCO é o irmán pequeno de Ana e Aurora que segundo se conta no relato morre no ano 1936.

LAUREANO SACO é o párroco. *Fraco, traga e berra sen parar. Leva unha sotana vella e raquí-tica chea de mendos e cotrosa, por baixo un pantalón de pana coas dobras raídas e por riba dela o abrigo goldrento. Do colo do abrigo, por baixo da caluga, colga o paraugas negro e grande. Calza botas de coiro e leva unha bufanda amarela anoada ó pescozo. Cóbrese cunha pucha enorme que non saca nin para xantar. Cun pano da man moi grande atado dende a queixa-da sostén a gorra por mor do vento. Chupa un cabicho apagado. No rostro a barba sen afeitar de tres días, dura e pechada. Defende as mesmas ideas conservadoras do fidalgo.*

AS MULLERES DA CASA: a nai dos citados anteriormente e a de Xosé. Mulleres silenciosas das que a historia non achega datos. Móvense coma sombras, sen opinión nin presenza, deixándolles facer ós homes.

A VELLA cega e engurrada que vive coa sobriña fronte á casa de Oreste; a sobriña é unha mullerona rexa de grandes mans que traballa coma un home.



OUTROS TEMAS E VALORES

- *Os contos dentro do conto.* A vella cóntalle a Xosé unha historia de lobishome que a ela lle contara seu pai na que o lobo era xustamente o home ó que a muller atacou coa galleta e recoñéceo polo fío roxo que aínda ten nos dentes; o conto do lobo e o can que conta Ana na mesa e que tanto lembra o do rato do monte e o rato da casa, ou o do gato e o carneiro que lembra Xosé mentres está subido ó canizo do sequeiro.
- *Historia de amor e de descubrimento iniciático da vida adulta.* Correndo esta aventura Xosé faise adulto, o que comeza falando do can remata contándolle ós seus netos a historia do que cambiou para sempre a súa vida.
- *O tempo real dentro da historia inventada.* Ese recurso polo que o autor non só sitúa o relato nun mundo que lle dá credibilidade senón que tamén introduce datos auténticos coma son os históricos ou esas personaxes reais que aparecen como referencia dentro da ficción.
- *O mito popular e literario do lobishome.* O medo nos tempos de antes. A aldea. Lobo e ultratumba, o misterioso. Contos de lobos como póla da árbore da tradición popular.
- *O valor da igualdade do home e a muller e o valor da igualdade duns e outros sexan da clase social que sexan.* Quen defende ambos valores progresistas é Ana, a filla máis vella do fidalgo que se enfrenta ó seu pai falando tan alto coma el ou moceando cun rapaz pobre. O pai botáralle a maldición *porque opina que as mulleres non teñen que ser coma homes e para que nunca se viran fartas de ser libres* pero o pai non é consciente do que fixo; e nesta falta de consciencia de que se fai mal tamén se debe reflexionar. O liberdade de ser o que se queira ser: home ou muller, heterosexual ou homosexual... como no caso de Rosa/o.

5



ACTIVIDADES A REALIZAR

ANTES DA LECTURA:

- ¿Que recorda o título? Pel de _____. ¿Quen o lembra e pode contalo? ¿Que podemos esperar detrás deste título?
- ¿En que che fai pensar a tapa? ¿Que historia poderías inventar para esa foto?
- Lendo a contraportada imos adiantando información. Logo, axudámonos coa dedicatoria e, se atopamos traductor, falamos sobre a cita en latín.
- É o momento de ver a quen se coñece dos citados na dedicatoria e incluso de que alguén se encargue de buscar datos sobre eles.

- Sendo premio Merlín podemos ter certas expectativas, pódese falar doutros libros que acadaron este ou outro premio e teñamos lido.
- Podemos establecer conexións entre o que imos ler e algunha experiencia pola que teñamos pasado ou da que teñamos oído falar.


DURANTE A LECTURA:

- Mentres imos lendo, hai un momento no que o narrador se sitúa nunha segunda persoa, dirixíndose a uns seus netos... Daquela caemos na conta de que a historia se conta hoxe e o contador tráenola cruzando as décadas mentres informa de cómo se foi facendo a historia con maiúsculas, a historia real. Podemos lelo en voz alta e reflexionar acerca de todo o que esto cuestiona. Tamén se está presentando o relato oral dentro do escrito.
- Realizar un pequeno traballo sobre as batidas de lobos ou monterías, onde se recolle dende a maneira de realizalas ata o pago das mesmas.
- Situar os datos históricos: o mozo está preocupado polo Desastre de Anual e teme polo seu futuro, logo coméntase a morte do seu cuñado en 1936...
- Ir indagando quén son os personaxes dos que se fala no libro: o cura Basilio Álvarez, o naturalista Víctor López Seoane e Pardo Montenegro.
- Situar o Incio sobre un mapa.
- Conforme se vai lendo, cambiar os títulos dos diferentes capítulos. O autor é case minimalista e resólveos cun artigo e un nome, só en dous casos lles acompaña un calificativo para poder diferenciar o que se agacha detrás da coincidencia do nome. Coma lectores creativos, podemos tentar crear titulares que deixen aberta a porta do misterio, suxerentes, poéticos...
- Na personaxe do pai de Xosé establécese unha loita entre o que vai vivindo e observando, o que lle vai sucedendo e a racionalidade que defendeu sempre... Observémolo e vexamos en qué acaba.
- Hai unha especie de paralelismo entre a casa de Fulxencio Nóvoa e a do fidalgo Eduardo Vázquez-Queipo e Lence. Mentres o primeiro vive na metade dunha casa que comparte con outros cos que non se leva (unha casa partida), o segundo faino nunha casa grande feita con dúas unidas para facer un só corpo cun engadido central moderno e que fan dela un caserón. ¿Chámanos a atención esto? ¿Que pode significar?
- O lectorado máis atento poderá descubrir aqueles momentos do relato nos que se vai dando o paso entre o mundo do real e o fantástico. Afondar neste tipo de recursos resultará motivador, pois trátase de ir entendendo a forma en cómo se consegue que a historia avance mesturando universos contrapostos.
- Ó tempo que lemos imos atopando unha serie de crenzas populares que nos chaman a atención, como poden ser: as balas de cera bendita para matar ó lobishome ou que só o ferro o pode ferir; quedar sen fala ante unha situación de medo; facerse o morto para que o lobo te deixe; os lobishomes corren sete parroquias cada noite; o seu can feito lobo tápao coa folla, méxao, óleo; como che traballan os lobos meténdoche o medo no corpo...
- No texto repródúcese un debate do seu tempo acerca dos foros. Nel aparecen tres posturas moi diferentes en torno e eles. Podemos resumilas e, a continuación, ver se poderíamos aplicar esas mesmas tres posturas a algún outro problema social que se estea producindo na actualidade. ¿Cal sería a postura de cada un de nós? Tamén podemos reproducir ese debate cos nosos argumentos, pero non esquezamos que os tempos son diferentes e o que se entende nunha época non tería sentido noutra.

- Nunha das comidas que teñen lugar na casa do figaldo, o cura fala de que van suspender a «divinis» a Basilio Álvarez. ¿Que significa esto? ¿Que foi o que sucedeu en realidade? ¿Sabemos doutros casos nos que se producira este tipo de sanción?
- Nun dos momentos, na páxina 67, podemos observar unha referencia literaria *a sombra do aire na herba* que nos lembra a Pimentel ou na páxina 58 *o lobo, os ollos, o lombo do lobo* que nos fai recordar a Novoneyra. Observalo e ver se alguén atopou máis referencias.
- O mito popular e literario do lobishome. Quen sinta interese poderá afondar neste campo.

DESPOIS DA LECTURA:

- Abrir a posibilidade de que manifesten a súa opinión e a compartan co grupo. Que poidan discutir acerca da defensa ou non do libro, dalgún dos personaxes... Este tipo de conversación permitirá ó alumnado contrastar criterios para elixir libros, falar dos autores, dos temas, das coleccións... e facilitará as recomendacións de lecturas duns a outros.
- A personaxe de Ana representa os valores máis progresistas en relación ós foros, o papel da muller na sociedade, a liberdade, a igrexa, as guerras... Recollamos esas opinións e vexamos cál é a situación no momento actual e cál é a nosa postura ó respecto...
- A historia de Ana queda sen pechar, fálase de que se foi a Madrid e de alí a Rusia, ou pode seguir sendo un lobo da xente... Podemos probar a seguir escribindo a súa vida.
- Este é un libro para gozar da linguaxe, por eso debemos provocar a súa lectura en voz alta sempre que se poida, con calquera disculpa. Unha delas pode ser que cada lector nos faga partícipes do momento que máis lle gusta, do seu anaco preferido... Pero hai textos que sen dúbida deben ser compartidos porque ademais, así facilítase o seu comentario e explicación como pode ser o final recopilatorio que atopamos nas páxinas 99 e 100 neste estilo *Volveron os invernos e volveron as neves, os gobernos sucedéronse uns a outros, veu unha dictadura e despois outra, propiciada por un fillo de pelo engominado do primeiro dictador, veu unha república e volveu a monarquía, e eu son vello... e vós novos* ou *Chegou a ansiada redención dos foros e os labregos seguiron sendo escravos do legón* ou *o anano manflorito que era home ou muller segundo as fases da lúa...*
- Buscar a idea principal que xera o texto, a que lle dá sentido.
- Indagar sobre aquilo que nos achegou o libro.
- Podemos realizar uns mapas conceptuais nos que recollamos as relacións entre as diferentes personaxes e a complexidade dalgunha delas (coma no caso das irmás ou o de Rosa, a veciña).
- As maldicións son un recurso moi utilizado nos contos maravillosos, pero tamén nos populares. Maldicións e bendicións son restos dun pasado no que as crenzas ocupaban o lugar que hoxe lle é dado á ciencia. Podemos opinar sobre todo esto, sobre estes residuos e en qué casos os atopamos na actualidade.
- Observar qué paralelismos se poden dar entre esta historia e a de «Pel de asno».
- De realizar ilustracións, hai unha imprescindible e que sería a imaxe real do que está sucedendo mentres o narrador conta e alguén escoita.
- Esta historia podería prestarse moi ben a ser contada con linguaxe cinematográfica. Alguén podería explicar cómo, ou aínda mellor, realizar un pequeno guión no que se describa a forma de narrar a través de recursos da linguaxe fílmica.
- Procurar outros contos de lobos.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Maraño, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2003
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2003
Depósito legal: VG. 303-2003